



Guía Docente				
Datos Identificativos				2022/23
Asignatura (*)	Métodos e Técnicas de Investigación no Turismo	Código	662G01024	
Titulación	Grao en Turismo			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Terceiro	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Socioloxía e Ciencias da Comunicación			
Coordinación	Pérez García, Antonia	Correo electrónico	antonia.perezg@udc.es	
Profesorado	Pérez García, Antonia	Correo electrónico	antonia.perezg@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Proporcionar ao alumnado coñecementos e as ferramentas para saber deseñar un traballo de investigación en turismo, o método a seguir, as técnicas a empregar, as fontes de datos e a forma de redacción. A materia divídese en varias partes, tendo como obxectivo xeral aprender a realizar tanto un traballo de investigación coma un informe para unha empresa, institución ou organización turística.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A5	Converter un problema empírico nun obxecto de investigación e elaborar conclusións.
A6	Ter unha marcada orientación de servizo ao cliente.
A13	Manexar técnicas de comunicación.
A24	Utilizar e analizar as tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) nos distintos ámbitos do sector turístico.
A33	Creatividade.
A34	Iniciativa e espírito emprendedor.
B1	Capacidade de análise e síntese.
B2	Comunicación oral e escrita en lingua nativa.
B3	Resolución de problemas.
B4	Razoamento crítico.
B5	Compromiso ético.
B6	Aprendizaxe autónoma.
B7	Adaptación a novas situacións.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título



-Proporcionar ao alumno os coñecementos e as ferramentas para saber deseñar un traballo de investigación en turismo.	A5	B1	C1
	A6	B2	C2
-Coñecer os métodos e técnicas a empregar para o deseño dun traballo de investigación.	A13	B3	C3
	A24	B4	C4
-Coñecer as fontes de datos e o manexo destas.	A33	B5	C5
	A34	B6	C6
-Coñecer as fases e saber redactar un traballo de investigación, informe, etc.		B7	C7
			C8

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1: Métodos nas ciencias sociais	1.1 Regras xerais do método científico 1.2 Métodos nas ciencias sociais: causal, funcional, estruturalista, formal e tipolóxico. 1.3 Concepto de método e técnica. 1.4 Método inductivo ou empírico. Método deductivo.
Tema 2: Fases da investigación social (aplicado ao sector turístico): formulación, obxectivos, revisión de fontes bibliográficas, marco teórico, metodoloxía, tratamento de datos e conclusións.	2.1 Revisión de fontes bibliográficas: procura de base de datos na rede (libros dixitais, revistas, catálogos de consultas e bibliotecas universitarias) 2.2 Fase de preparación: formulación do problema, marco teórico, obxectivos e deseño da investigación. Elección de ferramentas válidas e fiables. Selección da mostra representativa.
Tema 3: Fases da investigación social (aplicado ao sector turístico): formulación, obxectivos, revisión de fontes bibliográficas, marco teórico, metodoloxía, tratamento de datos e conclusións.	3.1 Recollida de datos: papel do investigador, calidade dos datos. 3.2 Análise e interpretación dos datos: codificación, construción de táboas e cadros. Interpretación dos datos. Elaboración das conclusións. 3.3 Redacción do informe.
Tema 4: Técnicas de investigación social aplicadas ao turismo.	4.1. Observación participante e non participante. Tipos de estratexias. 4.2. Análise de contido. Pasos metodolóxicos. 4.3. A entrevista en profundidade, procedemento, transcripción e análise.
Tema 5: Técnicas de investigación social aplicadas ao turismo.	5.1 A enquisa, tipos de cuestións, estrutura e deseño. 5.2 Grupo de discusión. 5.3 A técnica Delphi. 5.4 Outras técnicas: estudo de casos, historias de vida, etc.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A5 A6 A13 A24 A33 A34 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C4 C5 C6 C7 C8	20	20	40



Análise de fontes documentais	A5 A6 A13 A24 A33 A34 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	10	38	48
Traballos tutelados	A5 A6 A13 A24 A33 A34 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	10	38	48
Proba mixta	A5 A6 A13 A33 A34 B1 B3 B4 B5 B6 B7 C3 C4 C5 C6 C7 C8	2	10	12
Atención personalizada		2	0	2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición oral do profesor/a dos temas da materia.
Análise de fontes documentais	O análise de fontes documentais (estudos publicados en revistas científicas relacionadas co sector turístico que serán facilitados ao longo do cuadrimestre), traballarase durante os seminarios para a súa posterior avaliación. Forma parte da avaliación continua.
Traballos tutelados	Realización de traballos prácticos obrigatorios guiados individuais ou en grupos reducidos sobre diversas técnicas de investigación no sector turístico. No devandito traballo o alumno/a ou grupo terá que planificar/deseñar as técnicas de investigación suxeridas na aula (observación participante, análise de contido, entrevista en profundidade e enquisa) aplicados á situación social e obxectivos empresariais/institucionais da empresa/institución seleccionada, relacionada co sector. Estes traballos forman parte da avaliación continua.
Proba mixta	Exame mixto onde haberá unha parte test que valora a aprendizaxe de conceptos e outra parte de preguntas de desenvolvemento que valora a aprendizaxe de coñecementos.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	A análise documental supón a atención personalizada de titorías en pequenos grupos na aula ou a través de Teams (en caso necesario). Os traballos tutelados tamén supoñerán un seguimento e control do alumno/a. As titorías iranse expoñendo a medida que se explique o contido teórico do curso e a súa aplicación práctica.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación



Proba mixta	A5 A6 A13 A33 A34 B1 B3 B4 B5 B6 B7 C3 C4 C5 C6 C7 C8	Exame mixto onde haberá unha parte test que valora a aprendizaxe de conceptos e outra parte de preguntas de desenvolvemento que valora a aprendizaxe de coñecementos.	50
Traballos tutelados	A5 A6 A13 A24 A33 A34 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	Realización de traballos prácticos obrigatorios guiados individuais ou en grupos reducidos sobre diversas técnicas de investigación no sector turístico. No devandito traballo o alumno/a ou grupo terá que planificar/deseñar as técnicas de investigación máis axeitadas á situación social e obxectivos empresariais/institucionais seleccionados relacionados co sector. O traballo da observación participante e do análise de contido está suxeto a exposición oral. O devandito traballo forma parte da avaliación continua.	40
Análise de fontes documentais	A5 A6 A13 A24 A33 A34 B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 C1 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C8	O análise de fontes documentais (estudos publicados en revistas científicas sobre o sector turístico que serán facilitados ao longo do cuadrimestre) traballarase durante os seminarios para a súa posterior avaliación de forma individual. Forma parte da avaliación continua.	10

Observacións avaliación



1ª Oportunidade: a parte práctica de avaliación continua ten un valor dun 50%, a parte teórica (exame) ten un valor dun 50%.

Os traballos tutelados e análise de fontes documentais son traballos obrigatorios para a parte da avaliación continua (50%) e o/a alumno/a terá que obter un mínimo dun (5 sobre 10) para facer media co exame (50%), no cal tamén deberá obter un mínimo de (5 sobre 10). Gárdase a nota da parte práctica ou do exame para a 2ª oportunidade, no caso de ter aprobada algunha das partes.

2ª Oportunidade: no caso de ser NP ou suspenso na 1ª oportunidade o/a alumno/a poderá entregar todos os traballos obrigatorios requiridos para tentar superar a materia na 2ª oportunidade.

A nota da parte práctica da avaliación continua (no caso de estar aprobada) gardarase para as seguintes convocatorias de cursos sucesivos ou oportunidade adiantada, pero no caso de que os contidos ou criterios da parte práctica da avaliación continua sexan modificados na guía docente, non quedará gardada a nota, polo que o/a alumno/a deberá revisar a guía docente do curso no que se presenta ou o consultará co o/a profesor/a antes de presentarse ao exame.

O/A alumno/a obterá a calificación de NP se non se presenta ao exame, aínda que haxa realizado os traballos da avaliación continua durante o curso (independentemente da oportunidade).

Asistencia. Permítese unha dispensa de asistencia máxima dun 20%. A partires do 20% tense que xustificar por motivos de traballo, prácticas ou enfermidade, de non ser así, pode quedar afectado a porcentaxe de avaliación de ambas as partes.

Matrícula parcial ou dispensa académica. O

alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, solicitada oficialmente, poderá facer os traballos obrigatorios non presenciais e facerlos chegar ao profesor para a súa avaliación.

Disponibilidade dos idiomas en relación as probas escritas da avaliación: o exame estará no idioma de impartición da materia, se se desexa no outro idioma oficial da UDC, solicitarase unha semana antes da data de realización.

Implicacións da fraude académica na realización das probas ou actividades de avaliación: a realización fraudulenta das probas de avaliación implicará directamente a cualificación de suspenso (0) na materia na convocatoria correspondente, invalidando así calquera cualificación obtida en todas as actividades de avaliación. Ademais, segundo a Lei de Convivencia Universitaria (BOE núm. 48 do 25 de febreiro de 2022), a fraude académica, considérase falta moi grave, podendo implicar expulsión de 2 a 3 anos da universidade constando no expediente académico ata o seu total cumprimento; así como, a perda de dereitos de matrícula parcial durante un curso ou semestre académico (art. 14). Enténdese por fraude académica alquera comportamento premeditado tendente a falsear os resultados dun exame ou traballo, propio ou alleo, realizado como requisito para superar unha materia ou acreditar o rendemento académico (art. 11).

Atención á diversidade. A materia poderá ser adaptada ao estudantado que precise da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade (física, visual, auditiva, cognitiva, de aprendizaxe ou relacionada coa saúde mental). De ser o caso, deberán contactar cos servizos dispoñíbeis na UDC/no Centro: nos prazos oficiais estipulados de maneira previa a cada cuatrimestre académico, coa Unidade de Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/ADI/apoioalumnado/>); no seu defecto, coa Titora ADI da Facultade de Turismo.

## Fontes de información

### Bibliografía básica

- Bacells i Junyent, Josep (1995). La Investigación social. Promociones y Publicaciones Universitarias
  - García Ferrando, M. y otros (2007). El análisis de la realidad social. Métodos y técnicas de investigación. Madrid, Alianza
  - Gutierrez Brito, Jesús (2007). Investigación Social del turismo. Perspectivas y aplicaciones. Paraninfo
  - Gutierrez Brito, Jesús (2013). El turismo que vemos y contamos. Técnicas de investigación social aplicadas al turismo. Colección Grado. Editorial UNED
  - Hernández Sampieri, Roberto y otros (2006). Metodología de la investigación. Mc Graw-Hill-4ª Edición
  - Iglesias Millán, José Antonio (2014). Técnicas de Investigación aplicadas al sector turístico. Editorial Síntesis
  - Oliva, Miguel y Lonardi, Pablo (2020). Metodología de la Investigación Social aplicada al turismo: la mejor manera de desarrollar el turismo. Editorial Independently published
- <br />

### Bibliografía complementaria

## Recomendacións



Materias que se recomenda ter cursado previamente
Socioloxía do Turismo/662G01001
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías